




MEMORIA DO PROYECTO VOZ NATURA CURSO 2025-2026

O SON DA NATUREZA



ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO



INDICE

I-PRESENTACIÓN

- 1.1 A proposta xeral deste novo proxecto de natureza**
- 1.2 Os obxectivos según a liña da escoliña**
- 1.3 Espazos de experiencia e convivencia.**
- 1.4 Decálogo de intencións sobre o materiais da escola**

II-PARTE GENERAL DEL PROYECTO- DIRIGIDA A LA COMUNIDAD EDUCATIVA

- 2.1 Os sons da natureza, proxecto para compartir ca familia**
- 2.2 Paseños**
- 2.3 As festas da natureza**
- 2.4 Romaría dos Paxaros**
- 2.5 Comezamos por reciclaro**
- 2.6 Profesións de coidados**
- 2.7 Biblioteca verde**
- 2.8 O audioconto viaxeiro**
- 2.9 As profesións relacionadas co coidado da natureza e seres vivos.**

III-EXPERIENCIAS EN LOS GRUPOS DE AULA

AULA 1-2 AÑOS

AULA 2-3 AÑOS


PRESENTACIÓN

1.1 A proposta inicial do proxecto

Seguindo o tema proposto por Voz Natura para o novo curso "A voz do planeta" adaptamos para as idades e intereses da comunidade educativa (alumnado,nais,pais e irmás..equipo educativo e persoal xeral) o que pode ser motivar, sensibilizar e recoñecer producións sonoras da contorna e aquelas que pola súa transcendencia deben ser coñecidas e así valoradas para ir configurando un mapa sonoro de referencia dende a nenez.

Aprendemos a recoñecer visualmente especies animais e elementos naturais, e debemos favorecer o desenrolo dunha aprendizaxe sensorial máis completo no que o mundo sonoro sexa unha referencia habitual do recoñecemento de especies e estados da natureza.

Son moitos os sons da natureza, que resultan ignorados, silenciados ou descoñecidos. As dificultades que temos de escoitar e recoñecer o que conta a natureza está determinada pola falta de proximidade co mundo natural e tamén pola invasión e prioridade da aprendizaxe visual fronte a aprendizaxe e desenrolo de discriminación auditiva.



Pechemos os ollos e escoitemos o planeta Terra

1.2 Obxectivos seguen a liña da escoliña

- Sensibilizar pola contorna urbana e rural, onde temos que promover hábitos de coidado e protección polos seres vivos e polos elementos da natureza que facilitan a nosa vida saúdale.
- Motivar pola escoita e observación da natureza; aves, pequenos bichiños..da nosa contorna.
- Dende a escoliña inculcaremos hábitos de consumo responsable que cheguen ás familias como promotoras do proxecto fóra do centro. Reutilización de materiais e recursos así como a promoción do reciclaxe responsable.
- A escola tomará decisión sobre o que mercamos sen "sentido". (decálogo de intencións)
- Participaremos en campañas e actos relacionados ca limpeza de praias promovidas por entidades medioambientais
- Promovemos os recursos de préstamo da escola ás familias como os contos.
- Campaña de intercambio de teas e pezas de roupa entre familias.
- Mantemos os coidados horto da escola, que xa é "horta brincadeira". Os cultivos e observación próxima do crecemento e os cambios que as plantas mostran, favorecen a aprendizaxe de valores sobre o coidado da natureza.
- Partimos de escoitar o que a natureza conta.. a través dos seus fenómenos ...chuvia,vento,tormenta,arco da vella,nubes,..raios..ríos sen auga..ceos contaminados, incendios,,desertos..
- As personaxes percorreren e presentaran diferentes escenarios onde os problemas reais son recoñecidos e contarán como se encontran.. a proposta será sanar e coidar o planeta,,,a natureza,,a vida

1.3 Espazos de experiencia e convivencia



Na hortiña brincadeira

Dende o primeiro día:

- Favorecer o encontro de este primeiro día cunha experiencia de natureza na horta brincaderia.
- Sementeira nos invernadoiros da escola.
- Cancións de referencia: regatiño brincaeiro, herba pequerrechiña, sementar sementarei.

Tempada de outono/ inverno

- Coñecemento de froitos e verduras de tempada. Sementeira de verduras de outono.
- Recollida de castañas ou facer un magosto.
- As follas, os seus sons dependendo do tamaño e textura.
- Colleita de produccions.

Tempada de primavera/ verán



- Plantación de cultivos propios destas datas.



Na aula o no grupo escola Sobre os sons:

Aire/Vento

- Aire: vento, ventarrón, soplido, asubio..
- Diferenciar entre tipo de aire ou vento en audicións da natureza.
- Acción para provocar este son, dependendo da intensidade do aire: forte, suave, calmo
- Reproducimos os sons mediante instrumentos musicais de vento
- Mediante instrumentos naturais.
- Sons a través dun tubo
- Son a través dun tubo con buracos
- Son a través dun corno

Auga

- A caída do auga
- Son dunha pinga
- Son de moitas pingas
- Son dunha tromba de auga
- Auga que corre río
- Auga que chega e vaise, onda, mar.

Sons e voces de animais

- Terrestres-sons de animais coñecidos da contorna
- Acuáticos -son de baleas e golfinhos



•

Aire- canto de paxaros

1.4 DECÁLOGO DE INTENCIONS SOBRE Os MATERIAIS QUE SE UTILIZAN NA VIDA ESCOLAR

1º VALORAR A ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PLÁSTICOS PARA O seu USO E GOCE NA VIDA ESCOLAR, EVITANDO A súa ADQUISICIÓN E BARALLANDO As OPCIONS CON OUTRO TIPO DE MATERIAIS.

2º REALIZAR E CREAR ALTERNATIVAS Ao PLASTICO NOS ENVOLTORIOS DE MATERIAIS DE AULA-MOMENTOS AULAFOTOGRAFIAS-CADERNOS-CONTOS

3º REALIZAR UNHA COLECCIÓN DE MATERIAIS NATURAIS PARA O XOGO DIARIO.

4º CONCIENCIAR Á COMUNIDADE EDUCATIVA A través de INFORMACIONS, CHARLAS, COLOQUIOS, TALLERES SOBRE A CONTAMINACIÓN DOS PLÁSTICOS E A súa REUTILIZACIÓN.

5º EVITAR O CONSUMO DE PRODUTOS ALIMENTARIOS ENVASADOS POR PLÁSTICOS

6º PARTICIPAR EN CAMPAÑAS DE LIMPEZA DE CONTORNAS NATURAIS: PRAIA E MONTES

7ºDENUNCIAR SITUACIONS DE MALAS PRÁCTICAS NA CONTORNA PRÓXIMA-BARRIO

8º ANALIZAR O USO DE PRODUTOS DE LIMPEZA E HIXIENE E As súas CONSECUENCIAS CONTAMINANTES

9ºPROMOCIONAR A NATUREZA NA VIDA ESCOLAR HACIENDOLA VISIBLE NA CONTORNA URBANA-CAMPAÑA POR UN ESPAZO NATURAL

10º EDUCAR NO ACHEGAMENTO E A IDENTIFICACIÓN CON E POLA NATUREZA.



II-PARTE DO PROXECTO DIRIXIDA Á COMUNIDADE EDUCATIVA

2.1 Os sons da natureza, proxecto para compartir ca familia

2.2 Paseños

2.3 As festas da natureza

2.4 Romaría dos Paxaros

2.5 Comezamos por reciclaro

2.6 Profesións de coidados

2.7 Biblioteca verde

2.8 O audioconto viaxeiro

2.9 As profesións relacionadas co coidado da natureza e seres vivos.

2.1 OS SONS DA NATUREZA, proxecto para compartir ca familia

Lugar de exposición: entrada da escola

Actividade: cada familia acompaña na relación entre a imaxes de Luis expostas no panel e as tarxetas que estan para ser relacionadas con elas: fotografías de paixases de ceo, de mar, serie de aves, insectos, animais marinos.

- O paxaro, as aves de seres do aire.
- O mar, o elemento de auga, vital.
- O polbo, os seres mariños.
- A árbore, a vexetación e a flora.
- O escarabello, insectos e seres pequenos.
- O sol, a luz vital para a vida.



Na Caixa de cada pequeno e pequena, hai unha destas imaxéns que ao longo do curso representa así un grupo relacionado con seres vivos e natureza.

Acompañamos este momento inicial da mañá con sons de seres vivos, principalmente canto de aves, canto de baleas, sons de insectos..



RECURSOS CARTAS LUIS SEOANE- PATRIMONIO NATURAL ESCUELA



NATUREZA

- O paseo das árbores
- Terra

Gracias a la obra artística de Luís Seoane podemos disfrutar de las representaciones de elementos de la naturaleza como árboles, pájaros y plantas que han sido escogidos por su riqueza creativa y colorido.

Con el objetivo de difundir y valorar la obra de este artista se realiza un juego de cartas que sirven de soporte para conocer también el patrimonio natural del que goza esta escuela y las instalaciones.



CARTAS- ÁRBOLES DE LA ESCUELA

LA OBRA DE LUIS SEOANE QUE REPRESENTA UN ÁRBOL ES LA REFERENCIA PARA RECONOCER LOS ÁRBOLES MÁS DESTACADOS QUE SE ENCUENTRAN EN EL RECINTO ESCOLAR

Carballo- Olivos (2)-Peral-Prunos-Morera-Castiñeiro. Contamos con Loureiro- Romero-Mimosa-Limoeiro-Bambú y Níspero



CARTAS- PLANTAS DE LA ESCUELA

Margaritas-Lavanda-tulipanes-lechugas-acelga verde y roja-caléndulas-perejil-malva-crisantemos

LA OBRA DE LUIS SEOANE QUE REPRESENTA UNA PLANTA ES LA REFERENCIA PARA RECONOCER ALGUNAS DE LAS PLANTAS QUE PODEMOS OBSERVAR DENTRO Y FUERA DE LA ESCUELA. Contamos además con puerros-menta-incienso-hierba buena-lirios-geranios-romero



CARTAS-AVES, BICHIÑOS Y OTROS.

Gorriones-Mirlos-Gaviotas-Palomas-Pegas a los que añadimos caracoles, lombrices y hormigas y finalmente los erizos que son fáciles de observar en el entorno y la colonia de gatos próxima a la escuela, todos ellos conforman la fauna urbana que a diario nos acompañan.

Otros que están seguro y que no vemos con frecuencia los ratones, arañas, topos etc.

Forma de juego:

Un total de 30 cartas pertenecientes a las familias de árboles, plantas y fauna que se incluyen como material didáctico para realizar identificaciones en el exterior, clasificar y reconocer su lugar en la escuela.

Se puede jugar a través de un tablero en el que se identifica la carta con la fotografía del tablero.

Vocabulario y localización espacial de los lugares en los que se ubican habitualmente.

Momento de la presentación al grupo de la Baraja “nuestro patrimonio natural”, la naturaleza cercana que rodea a la escuela y que a diario podemos observar, cuidar y disfrutar de ella.

Reconocer el lugar en el que se ubican o es posible observar las aves y animales de pequeño tamaño que se refugian en zonas próximas de la escuela y que utilizan a menudo su patio y huerto como zonas de paso (erizos, gatos, ratones)

Este recurso se expone en la entrada de la escuela para que las familias participen reconociendo las especies de seres vivos que rodean esta escuela.



2.2 Paseños

Os paseos pola zona exterior da escola



A nosa proposta é descubrir, experimentar e rexistrar o paso do tempo sobre as plantas e arborado que hai na contorna da escola. Estes paseños están cheos de tranquilidade cara a escoitar os sons que se producen, as aves, tamén algún insecto, observar as plantas, os cambios que xurden dunha semana a outra nas árbores, perda de follas, as cores que van aparecendo..os animais que acompañan..gatos,caracois,vermes..

Estes paseos ao longo do curso de outono a verán, son momentos divertidos, cheos de curiosidade onde a ropa e o calzado, e tamén o que cubre a cabeza vai cambiando co transcurrir dos meses.



2.3 As festas de natureza

Outono, festa do magosto. Proposta familiar



Cada celebración presenta unha invitación familiar ca intención de concienciar e poñer en valor a importancia de valorar elementos naturais e habituar a non mercar adornos plástico e facer cousas creativas con elementos naturais.

Nadal



Carta ás familias da escola polo tempo de Nadal:

*Tomando como punto de partida o tema proposto por **Voz Natura** para este curso escolar, adaptamos a experiencia ás distintas idades, intereses e posibilidades da nosa contorna. A nosa intención é ofrecer unha vivencia motivadora e atractiva que esperte o interese, a sensibilidade e a capacidade de recoñecer as diversas producións sonoras da natureza, tanto de seres vivos como de fenómenos naturais, para valorar e construír desde os primeiros anos un mapa sonoro de referencia propio.*

Mediante a observación e unha escoita activa desde os primeiros anos, pretendemos que os alumnos constrúan un mapa sonoro de referencia. Este mapa servirá para que aprendan a recoñecer, valorar e respectar os sons da natureza, así como para comprender as súas implicacións na contorna escolar e na vida cotiá. Ao mesmo tempo, hai outras experiencias máis ligadas a cada momento do ano, como as que vos pasamos a contar.

Con esta intención de aproximar celebracións e accións cotiás á natureza, festexamos uns días antes de fin de ano, unha actividade que celebra cada “badalada de fin de ano” coa plantación dunha pequena árbore. Desta forma, sempre acompañados por unha representación dun gran reloxo, imos narrando o paso das 12 badaladas.

Unha celebración que relaciona sons significativos como as badaladas cunha árbore que quedará logo plantado na horta da escola.

Ademais, temos a oportunidade de colaborar con museos científicos, e no ACUARIO da nosa cidade, adornar a súa árbore de nadal.

*Acudimos coas familias levando adornos que están feitos para esta ocasión e que simbolizan o mundo mariño con materiais respectuosos para a natureza. Propomos que manteñamos esta idea de realizar adornos **NON COMPRADOS** para este acto, **SI** creados en casa de forma sinxela con materiais **NON PLÁSTICOS** nin contaminantes, respectuosas co mar e a natureza.*




familia



Presentación das árbores e das horas, preparados para escoitar as campás por cada hora cantada.



Plantación de unha árbores por hora cantada, indicando o número que se corresponde con cada arboriña. Logo foron traspasados ás macetas.

Proposta para adornar a árbore de nadal do Acuarium

Entroido os paxaros e a camiseta de trapiño

Proposta familiar de vir vestidos con camisetas trapiños, feitas con farrapos da casa.



<https://escolinamontealto.com/paxarino-trapino-entroido-2026/>



Celebración da primavera ca instalación da Romaría dos paxaros.**Elaboración de materiais para instalar nas árbores e plantas da escoliña**


Unha relación entre paxaros e árbores segun a canción Romaría dos paxaros.

Esta instalación foi realizado pensando de novo na utilización de materiais respetuosos ca natureza. Utilización de madeira, siluetas a unha tinta e colocación con cordas nas pólas e ramas.



Momentos da colocación e localización de cada ave.

A romaría dos paxaros



Publicación sobre esta actividade**ROMERÍA DOS PAXAROS NO XARDÍN DA ESCOLA****Sobre a canción do grupo Fol do Vento****PAXAROS DA CANCIÓN**

PIMPIN
PAPORRUBIO
XIRIL
POMBA
ESTORNIÑO
FERREIRINO
ANDURIÑA
MERLO
PARDAL
CARRIZO
VERDEROLO
LAVANDEIRA

ÁRBORES DA ESCOLA

OLIVEIRA
MOREIRA
AMEXEIRA
ARCE BLANCO PRADAIRO
CASTANEIRO
HAYA
TILO



Invitamos a pasear e localizar nas árbores que conforman a zona verde e natural da escola, os paxaros que se nomean nesta canción, que leva o nome "Romería dos paxaros". En cada unha das árbores se localizan un ou dous paxariños desta canción.

Ao mesmo tempo poderedes escoitar o canto ou voz de cada un deles, neste documento que presentamos para o proxecto de Voz Natura "Os sons da Natureza"

LAVANDEIRA




POMBA



VERDEROLO



CARRIZO



PARDAL



FERREIRIÑO



PAPORRUBIO



ANDURIÑA



ESTORNIÑO




PIMPÍM



MERLO



Cada ave foi debuxada con trazos moi xenéricos sobre madeira





Algunhas das ilustracións que representan as árbores relacionadas con cada ave seguindo a canción.

Realización dun obradoiro sobre aves, a cargo de grupo Naturalista Hábitar. Actividade para familias na escola 28 de abril.





Concienciación sobre a reciclaxe: diferenciando materiais e desperdicios

Despois das celebracións que acabamos de pasar, pensamos que é un bo momento para pór a nosa atención no que implica diferenciar entre materiais e desperdicios que descartamos e que optamos por tirar aos colectores do lixo.

Actividade proposta: Xogo de reciclaxe

Propomos esta actividade para diferenciar entre os máis básicos: papel e cartón, plásticos, orgánicos. Neste gran mural que vos presentamos baixo a lema 'xogo de reciclaxe' ofrecemos a oportunidade de pór en valor este hábito imprescindible de concienciación cidadá sobre a sustentabilidade do noso planeta



PROXECTO VOZ NATURA: SONS DA NATUREZA

Concienciación sobre a reciclaxe: diferenciando materiais e obxectos

Despois das celebracións que acabamos de pasar, pensamos que é un bo momento para pór a nosa atención no que implica diferenciar entre materiais e desperdicios que descartamos e que optamos por tirar aos colectores do lixo.

Actividade proposta: Xogo de reciclaxe

Propomos esta actividade para diferenciar entre os máis básicos: papel e cartón, plásticos, orgánicos, metal.

Neste gran mural que vos presentamos baixo a lema “xogo de reciclaxe” ofrecemos a oportunidade de pór en valor este hábito imprescindible de concienciación cidadá sobre a sustentabilidade do noso planeta.



COMEZAMOS

Na entrada, o mércores día 7 de xaneiro ,atoparedes este gran mural. Cubos listos para botar o lixo. Un lixo que nun principio teremos nun cesto da escola.

Mais adiante, invitaremos a traer lixo da casa.

Que pretendemos?

Reflexionar sobre o que é refugallo “aquilo que sobra dunha cousa e non se aproveita”

Nomear o identificar o obxecto que vai o lixo.

Diferenciar sensorialmente o tipo de material con que están feitas as cousas:..basicamente o plástico pola textura e son que produce,o papel e cartón, a lata facilmente pola textura e son ao golpear con outra superficie, o que despáchamos de verduras e froitas..

Podemos comezar a decidir o que é posible reciclar e pode ter outros usos.

MÚSICA PARA ACOMPAÑAR

De noso cancionero da escola, dende hai máis de 30 anos, recuperamos un conxunto de letras que adaptamos a melodías coñecidas que contan brevemente o importante destas accións de reciclaxe.

De aquela contábamos cun libro debuxado por nenos e nenas. Aquelas músicas cantadas por nenos e nenas pasaron co tempo a ser cantadas por Félix. De novo sería bonito recuperar gravacións destas cancións coa voz deles cantadas na casa.

Aquí o enlace no canle de youtube da escola

<https://youtu.be/M7ThA-bMElo?si=WlQuMidYOZMgDlie>





Aportación e colaboración das familias da escola, curso 2018-2029, por Cecilia

DECÁLOGO SIN PLÁSTICOS

DECÁLOGO SIN PLÁSTICO

- 1 Tu merienda en recipientes de cristal **#yoreutilizo MERIENDA**
- 2 Lleva tu botella reutilizable **#siempreconmigo AGUA**
- 3 No tires basura durante tus paseos **#yonoensucio EXCURSIÓN**
- 4 No a las pajitas y desechables **#noalaspajitas VIDA PRÁCTICA**
- 5 Retira los envases y déjalos en la tienda **#nomásplástico CONSUMO**
- 6 Siempre fruta fresca **#noalospouches MERIENDA**
- 7 Pide dispensadores de agua en tu región **#aguaparatodos AGUA**
- 8 Recoge 5 piezas de basura en cada paseo **#limpiomiplaneta EXCURSIÓN**
- 9 Utiliza tu bolsa de tela **#siempreconmigo VIDA PRÁCTICA**
- 10 Compra productos frescos, de cercanía **#decercanía CONSUMO**

DECÁLOGO SIN PLÁSTICO





O noso paseo polo Parque de Sta. Margarita dentro do programa de rutas urbanas animadas do concello e da federación de anpas, contou con esta grata sorpresa de xogo de reciclaxe. Moi semellante o que facemos na escola, atopámonos ca actividade de separación de lixo en tres cubos de lixo.

Biblioteca Verde



Desexamos que sexa unha experiencia divertida e moi creativa, que vos cativos e cativas escoiten con moitas gañas e ilusión de escoitar voces e sons que contan historias.

Co obxectivo de xerar accións colectivas sobre o tema de natureza deste curso propuxemos ás familias esta iniciativa tan frecuente nos centros educativos e que tan fabuloso resultado logra.

É unha proposta sinxela que permite ás familias participar de forma singular, xa que se converten en pezas indispensables dunha creación dirixida ao seu propio fillo/a.

A creatividade e os talentos que nais e pais teñen moitas veces pasan desapercibidos na vida escolar e é moi lamentable que non logremos desde os equipos educativos favorecer que as habilidades familiares non se coñezan e recoñezan. Nalgúns casos, este tipo de iniciativas, como o conto viaxeiro permítenos gozar de creacións de textos e debuxos valiosos.

Sen ningunha dúbida, a finalidade principal non é esta, senón a de crear un conto dirixido a nenas e nenos.

Servizo gratuíto por tempo limitado.

Polo día do libro, 23 de abril

SOLTA DE CONTOS..

Grazas a unha achega que nos fixeron de contos para diversas idades e temáticas, imos ter mañá, día do libro, **o carriño fóra da entrada para que cada quen colla e leve contos para casa.** Son doazón dunha asociación. Contos de expurgo, polo que están fóra do círculo de préstamo. "contos liberados"





"Audio-conto Viaxeiro 2025-2026"

Desexamos que sexa unha experiencia divertida e moi creativa, que vos cativos e cativas escoiten con moitas gañas e ilusión de escoitar voces e sons que contan historias.

Co obxectivo de xerar accións colectivas sobre o tema de natureza deste curso propuxemos ás familias esta iniciativa tan frecuente nos centros educativos e que tan fabuloso resultado logra.

É unha proposta sinxela que permite ás familias participar de forma singular, xa que se converten en pezas indispensables dunha creación dirixida ao seu propio fillo/a.

A creatividade e os talentos que nais e pais teñen moitas veces pasan desapercibidos na vida escolar e é moi lamentable que non logremos desde os equipos educativos favorecer que as habilidades familiares non se coñezan e recoñezan. Nalgúns casos, este tipo de iniciativas, como o conto viaxeiro permítenos gozar de creacións de textos e debuxos valiosos.

Sen ningunha dúbida, a finalidade principal non é esta, senón a de crear un conto dirixido a nenas e nenos.

Así foi a invitación as familias.

Enlace ca web da escoliña:

[Invitación para crear un audio conto viaxeiro • A Escoliña](#)

As profesións relacionadas co coidado da natureza e seres vivos



Un dos principais aspectos do traballo educativo é valorar a transversalidade e ofrecer as múltiples relacións que se establecen entre aspectos tan interesantes como a natureza e as profesións.

Neste caso, a maleta de xardineira- xardineiro relaciónase coa tarefa agrícola e o coidado de plantas e árbores e o traballo da barrendera ? barrendero tamén se aplica ao coidado e sustentabilidade do medio ambiente.

Con este proxecto de igualdade promóvese unha primeira aproximación a tipos de traballos que son facilmente visibles e identificables para eles e elas, nestas primeiras idades.

Os materiais propios de cada profesión levan a casa en maletas específicas que previamente solicitan as familias.

Neste caso, todos os utensilios e ferramentas das maletas de xardineira- xardineiro como a de barrendera- barrendero, son habituais na vida escolar, xa que os cultivos do horto escolar como a limpeza da escola precisan destes obxectos e observan nas educadoras/é estás accións de coidado e conservación da contorna máis próxima. Engadimos a maleta de coidador de seres vivos para recoller a profesión de veterinario/a, así como a profesión de loitar contra o fume ca maleta de bombeiro/a.



- Maleta para coidar e limpar a nosa contorna, barrendera/barrendero.
- Maleta para axudar contra o lume e perigos, bombera/bombeiro.
- Maleta para contemplar e aprender do ceo, astrónoma/astrónomo.
- Maleta pra coidar dos seres vivos, veterinaria/veterinario.
- Maleta para coidar e plantar, xardineira/xardineiro.



EXPERIENCIAS nos GRUPOS DE AULA

AULA 1-2 ANOS

AULA 2-3 ANOS



GRUPO 1-2 anos

ÍNDICE

1- Características do grupo

2- Obxectivos

3- Metodoloxía

4- A aula de 1-2 anos

5- Actividades.

5.1. Follas do outono

5.2. Prantación de fabas

5.3. Panel del outono

5.4. O vento

5.5 Caixa de sons

5.6. Panel de reciclaxe

5.7. Experimentar ca agua

5.8 Os piñeiros

5.9 Romería dos paxaros.

Obxectivos:

- Explorar elementos naturais cos sentidos (auga, vento, terra, plantas).
- Desfrutar do xogo e a experimentación na natureza.
- Desenvolver un vínculo positivo coa contorna natural.
- Iniciarse no coidado e respecto da contorna e dos seres vivos que nela habitan.
- Participar en accións sinxelas de coidado (regar, trasplantar, recoller).
- Observar a contorna próxima con curiosidade e atención.
- Utilizar materiais naturais ou reutilizados no xogo.
- Desfrutar de espazos ao aire libre de forma tranquila e segura.
- Iniciar hábitos básicos de respecto ambiental e reciclaxe.

Características do grupo:

Atopámonos ante un grupo de nenos e nenas moi diverso, con diferentes etapas de maduración xa que hai edades que van dende abril a decembro.

Xa teñen adquirido coñecemento do entorno e sintense máis seguros/as tanto no espazo como cas persoas que os acompañamos, que intentamos crear un ambiente de aula seguro e tranquilo atendendo ás súas necesidades e respetando os ritmos de cada un/unha, podendo así chegar a un crecemento en armonía. Os nenos e nenas da aula xa teñen como referencia o equipo de educadoras, que xa lles xeramos certa seguridade, que se ve refictida nos seus sorrisos, tanto cando chegan o como ao longo da mañá.

Aspectos característicos no neno/a de 1-2 anos

Desenvolvemento motor

Teñen a capacidade e autonomía de desplazarse polo espazo.

Coñecemento, orientación, investigación. Comeza un coñecemento progresivo do seu esquema corporal, grazas o movemento e o

desprazamento, o que leva tamén a unha maior confianza nas súas posibilidades e autoestima. Respetando sempre os ritmos persoais.

Motricidade fina

As habilidades motrices están cada vez máis perfeccionadas, teñen maior destreza ca pinza dixital e unha mellor coordinación óculo-manual (coller, dar, meter, sacar, etc). Comezan a empregar ben a botella/vaso de auga para beber. Son individualistas, xa que buscan o propio benestar.

Importancia da educadora, transmitir seguridade e afectividade. Iniciarse

na socialización e explorar todo o que o/a rodea (confianza), facéndoo/a máis activo/a.

Desenvolvemento da linguaxe

Evoluciona máis rápido a comprensión que a expresión. O xesto (expresión-imitación) e comeza o verbal (primeiras palabras).

Desenvolvemento afectivo-social

Aparece a crise de oposición; rabietas, enfados, contradición. Existe o medo os/as estraños/as; a función da educadora neste caso é transmitir seguridade.

Desenvolvemento sensorial

É máis progresivo e máis elaborado, gústalles manipular e explorar obxectos e materiais.

Aspectos básicos que se traballarán este ano

Linguaxe, desenvolvemento cognitivo e movemento

Linguaxe

Pasa das emisión illadas e xestos á palabra acompañada de xestos e ademans, polo que é fácil que se entenda a mensaxe. As ordes son sinxelas; toma, dame, ven, etc. E o vocabulario vai ampliándose.

Desenvolvemento cognitivo

Capacidade de pensar e razonar. O neno/a posúea suficiente información sobre os obxectos e pode chegar a entender a relación causa-efecto.

Movemento

É un período de exploración activa onde os nenos/as están en continuo movemento dun lugar a outro. Con isto logrará seguridade en camiñar para chegar a alcanzar outras metas; subir, baixar, correr, etc.

Metodoloxía:

A metodoloxía que empregamos é global, que implique o desenvolvemento de todas as capacidades do neno/a (cognitivas, motoras, afectivas). Activa, fomentando a autonomía e a independencia do neno/a. Facémolo a través do xogo e a motivación tendo sempre en conta as características evolutivas e o ritmo e intereses de cada un/unha. Fomentaremos tanto o enriquecemento persoal e individual, como o colectivo, a relación con outros nenos/as e ser solidarios/as.

A aula de 1-2 anos:

A aula do grupo de 1 a 2 anos é un espazo pensado para achegar aos nenos e nenas á contorna natural desde as súas primeiras experiencias. Caracterízase porque incorporamos elementos naturais como plantas, sementes, auga, que permiten aos pequenos explorar a través dos sentidos e espertar a súa curiosidade polo mundo que lles rodea.

Intentamos organizar a aula para desenvolver propostas como a manipulación de materiais naturais, o coidado de pequenas plantas ou a observación de cambios sinxelos na contorna, como o crecemento dunha semente. Con estas actividades fomentamos a experimentación, a motricidade fina e o desenvolvemento cognitivo, á vez que inician aos nenos/as no respecto e coidado da natureza.

Ademais, é importante un ambiente tranquilo e acolledor, con acceso a luz natural e, sempre que é posible, conexión con espazos exteriores como patios ou hortos. Nós temos unha actitude de proximidade e de respecto, guiando a aprendizaxe a través da observación, o xogo e a interacción, adaptándose aos ritmos individuais de cada neno e nena.

Procuramos que cada espazo da aula teña un significado importante, e todo o que estea á súa vista baixe nun momento á súa man, para ser manipulado e explorado. A aula é unha conquista; primeiro reptando, despois gateando e agora xa somos todos/as capaces de percorrer a aula, a escola e os seus espazos camiñando de forma autónoma.

A aula convértese nun lugar onde descubrir a natureza de forma vivencial, sentando as bases para unha relación positiva e respectuosa co medio ambiente.

ACTIVIDADES:

Follas de árbores

A actividade con follas das árbores, inspirada no outono e a figura do esquí, é para que exploren a natureza de forma sensorial e lúdica. Iníciase presentando ao esquí como un pequeno animal que recolle follas do outono, o que esperta a súa curiosidade.

Ofrécese aos pequenos un conxunto de follas secas de diferentes tamaños, formas e cores. Os nenos/as poden tocalas, engurralas, lanzalas ou desprazalas, experimentando coas súas texturas e sons. Esta manipulación favorece o desenvolvemento sensorial e a coordinación motora, á vez que estimula a exploración libre.

Trátase dunha proposta flexible e adaptada aos ritmos de cada neno e nena, na que se prioriza o desfrute, a experimentación e o contacto con elementos naturais. Deste xeito, os pequenos/as comezan a descubrir os cambios propios do outono mentres desenvolven habilidades básicas nunha contorna segura e estimulante.



Plantación de fabas.

Decidimos facer unha plantación de legumes; é unha proposta sinxela e moi significativa para inicialos/as no contacto coa natureza e o coidado dos seres vivos, pero antes tiñamos que preparar as sementes que escollemos: as fabas.

Presentamos a actividade de forma motivadora, mostrando as fabas e permitindo que as toquen e observen. A continuación repartimos pequenos anacos de algodón previamente humedecidos e colocáronse dentro de vasiños de iogur limpo e seguro. Cada neno/a, con axuda se é necesario, introduciu unha ou dúas fabas dentro do algodón, presionando suavemente.

Os vasiños colocámoslos nun lugar visible da aula, un estante que recibía a luz natural, durante uns días, para que os nenos/as poideran observar os cambios: cómo a semente se abre e comeza a saír un pequeno brote.

Realízanse pequenas rutinas de coidado, como engadir unhas gotas de auga cando o algodón se seca, implicando aos nenos e nenas neste proceso. Cada neno/a leva o seu vasiño de iogur a casa, invitando ás familias a continuar o coidado da planta.





Panel do outono.

Nesta actividade os nenos e nenas poden descubrir, tocar, experimentar e desenvolverse con liberdade, provocando sensacións.

A actividade do panel con elementos do outono consiste na creación dun espazo visual e sensorial onde poidan explorar e descubrir características propias desta estación de forma manipulativa e significativa.

Preparamos un panel á súa altura de cartón no que se colocan diferentes elementos outonais: follas secas, pequenas ramas, froitos deshidratados, cortiza, eucaliptos, castañas..., os nenos/as pódenos manipular con facilidade.

Durante a actividade, os pequenos/as achéganse libremente ao panel para tocar, observar e explorar os materiais. Poden sentir as diferentes texturas. Esta interacción favorece o desenvolvemento da motricidade fina, a coordinación óculo-manual e a curiosidade natural.



O vento:

Aproveitando un día de moito vento, invitamos os nenos e nenas de 1 a 2 anos a mirar cara ao exterior desde a fiestra da aula. Diriximos a atención cara os cataventos situados por fora, sinalando como se moven co vento e despertando así a súa curiosidade.

Os pequenos/as observan como os cataventos viran, móvense rápido ou lento segundo a intensidade do aire, o que lles permite ter unha primeira experiencia con fenómenos naturais. A través desta actividade, foméntase a atención e a capacidade de observación.

Trátase dunha proposta tranquila e significativa que conecta aos nenos e nenas coa contorna exterior, permitíndolles descubrir de forma directa e segura elementos do clima, neste caso o vento, a través da observación desde a aula.



Acompañados/as dos nosos amigos labregos, Balbina e Xosé. que nos axudan á hora de plantar e de coidar as plantas.



A caixa dos sons : Unha caixa moi especial.

Estamos rodeados de sons: os paxaros, a auga, o vento, as follas...

É unha actividade na que utilizamos unha caixa con distintos elementos que producen sons, como un paxaro, follas, obxectos que soan. O obxectivo é que os nenos e nenas exploren, escoiten e recoñezan sons da súa contorna .

Presentamos a caixa pechada para xerar curiosidade. Despois, vamos sacando os obxectos un a un. Cada vez que aparece un elemento, invítaselles a escoitalo con atención:

Que son fai? É suave ou forte?

Esta actividade favorece a escoita activa, a discriminación auditiva, a imaxinación e a linguaxe.



Panel de reciclaxe.

A actividade de reciclaxe cun panel de cinco bolsas está deseñada para iniciar aos nenos e nenas de 1 a 2 anos na clasificación de materiais de forma visual, manipulativa e moi sinxela.

Un panel á súa altura con cinco bolsas grandes, cada unha identificada cunha cor; amarelo-plástico, azul-papel e cartón, verde- vidro, marrón-orgánico, gris-restos.

Dentro da aula presentamos distintos obxectos limpos e seguros do día a día, como anacos de papel, envases de plástico, teas, e outros materiais adaptados á súa idade.

A actividade comezámola mostrando cada obxecto e nomeándoo con palabras simples: “papel”, “botella”, “comida”. Despois guiamos aos nenos/as para introducir cada elemento na bolsa correspondente, axudándolles. Aos poucos, animásemos a participar de forma máis autónoma, deixando que intenten decidir onde colocar cada material.

Reforzamos a aprendizaxe con xestos, repetición de palabras e pequenas indicacións como “aquí”, “dentro”, “ben”. Isto favorece o desenvolvemento da linguaxe, a coordinación óculo-manual e as primeiras nocións de clasificación.

Trátase dunha actividade breve, dinámica e adaptada ás súas capacidades, cuxo obxectivo principal non é que identifiquen perfectamente os tipos de residuos, senón que comecen a familiarizarse co hábito da reciclaxe e o coidado da contorna.



Experimentación con auga:

Nesta proposta, os nenos e nenas exploran a auga a través do xogo libre nunha mesa ou bandexa ampla. Dispoñen de distintos recipientes (cuncas, regadores...) e esponxas suaves que poden mollar, espremer e utilizar para trasvasar auga dun recipiente a outro.

A actividade permite descubrir as propiedades da auga (mollado/seco, cheo/baleiro, frío/quente...) mentres desenvolven a coordinación óculo-manual e a motricidade fina. Ao manipular as esponxas e ver como a auga cae ou cambia de recipiente, tamén se favorece a comprensión causa-efecto e a atención.

A educadora acompaña desde a observación, nomeando accións (“mollas”, “espremes”, “enches”, “baleiras”) e garantindo un espazo seguro e accesible. É unha proposta sensorial moi rica que fomenta a curiosidade, a autonomía e o pracer polo descubrimento a través do xogo.



Os piñeiros

A proposta comeza presentando aos pequenos/as o piñeiro, permitíndolles observalo, tocar as súas follas e percibir o seu cheiro. A continuación, colócanse 12 piñeiros nas horas dun reloxo, despois invítaselles a participar na plantación de xeito guiado polo adulto/a: poden axudar a botar terra nunha maceta, introducir suavemente a planta e presionar a terra coas mans. Este contacto directo con diferentes elementos naturais (terra, auga, planta) favorece o desenvolvemento sensorial, especialmente o tacto.

Esta actividade invita a despertar a curiosidade pola contorna natural e a iniciar valores de coidado e respecto polas plantas e o medio ambiente.



Romaría dos paxaros.

Partimos da creación por parte das familias da camiseta de paxariño trapiño. Está feita con retales de diferentes cores e formas. Cada neno/nena ten a súa camiseta que utilizamos na festa de entroido e que a utilizamos en distintas actividades relacionadas coa natureza. Na romaría dos paxaros que se realizou no exterior da escola coa colocación duns indicadores de madeira co nome e o debuxo dos paxaros e árbores que se atopan no exterior da escola. Ademais todo isto está amenizado con música relacionada coas árbores e os paxaros.

Foi unha actividade moi divertida onde os nenos/nenas disfrutaron moito.





GRUPO 2-3 anos

ÍNDICE

1. Presentación do grupo
2. A Escola: Un espazo para a nosa actividade
3. Obxectivos
4. Metodoloxía
5. Actividades:

Actividade: Paseniño, paseniño “Os tesouros do outono”

Actividade: Explorando o outono

Actividade: Instalación do outono

Actividade: O noso caracol Terri

Actividade: Miraceos

Actividade: Samaín

Actividade: Obradoiro de masas

Actividade: As árbores do Nadal e a súa plantación

Actividade: Reciclaxe

Actividade: A caixa dos sons “Os son da Natureza”

Actividade: O Arte e a Natureza de Luis Seoane

Actividade: Chegou a primavera, plantación de plantas aromáticas

Actividade: “A Romaría dos paxaros”

Actividade: “Os Niños”

Actividade: Os bichiños

Actividade: A Eiruga Larpeira

Actividade: Explorando coa auga!

1. Presentación do grupo:

Somos un grupo heteroxéneo conformado por 14 nenos e nenas de 2-3 anos de idade.

O grupo encontrase nunha etapa de grandes avances no seu desenvolvemento. A nivel cognitivo comezan a comprender mellor o seu entorno, mostran moita curiosidade e realizan xogo simbólico imitando ás persoas adultas. En canto a linguaxe amplían rapidamente o seu vocabulario e comezan a formar frases sinxelas.

No desenvolvemento motor están mais seguros de sí mesmos xa que controlan o seu corpo e melloran no equilibrio e na coordinación. Tamén desenvolven a motricidade fina, facendo garabatos, construíndo torres con bloques ou intentando usar utensilios sós.

No ámbito social e emocional buscan maior independencia, comezan a interactuar con outros nenos e nenas aínda que lles custa compartir, encóntranse na etapa do egocentrismo onde aparecen rabietas xa que están aprendendo a xestionar as súas emocións.

Partiremos en todo momento das súas características, intereses e necesidades tendo en conta en todo momento a atención á diversidade.

Por todo iso, pretendemos transmitir valores comprometidos coa conservación e mellora da contorna, a través da utilización dos recursos ambientais e para iso sabemos que temos que despertar a curiosidade e o interese de forma divertida e multidisciplinar onde a observación, experimentación, manipulación e a acción sexa algo complementario ao noso traballo e a adquisición de hábitos e valores, sexan unha realidade.

2. A Escola: Un espazo para a nosa actividade

Os espazos nunha aula de 2-3 anos son moi importantes porque inflúen na aprendizaxe, na autonomía e no benestar dos nenos e nenas. Unha aula ben organizada permite que exploren, xoguen e se relacionen con seguridade.

Tendo isto en conta, destacar que o espazo onde levamos a cabo a maioría das actividades é na aula de referencia. Esta conta con obxectos móbiles e fixos que favorecen a estimulación a través da observación e a manipulación. Está formado por espazos concretos para facilitar o movemento así como a súa identificación para realizar as diferentes actividades e xogos.

A aula é o marco de referencia pero o noso obxectivo é que todo o alumnado se atope seguro en todas as estancias do centro como a sala de usos múltiples, a entrada o patio ou a horta.

O patio e a horta son espazo ao aire libre que nos permite observar, manipular e explorar as plantacións, recoñecer a vida animal (bichiños, paxaros), así como a importancia dos fenómenos naturais como a choiva, luz, aire, ou a temperatura no desenvolvemento dos seres vivos e das plantas.

O espazo da entrada dentro da escola permítenos realizar actividades creadas para este proxecto co grupo ou coas propias familias, fomentando así a integración das familias do alumnado no día a día da escola.

En definitiva pretendemos que toda a escola sexa un gran espazo onde todos e todas podamos gozar sen ningún tipo de barreiras nin obstáculos para desenvolver as nosas actividades.



3. Obxectivos

- Sensibilizar aos nenos e nenas sobre a importancia do coidado da contorna urbana e rural, promovendo o respecto polos seres vivos e pola natureza.
- Fomentar hábitos de consumo responsable, promovendo a reutilización de materiais e o reciclaxe tanto na escola como nas familias.
- Promover un consumo consciente no centro, reflexionando sobre as compras e evitando o consumo innecesario.
- Participar en campañas medioambientais, como actividades de limpeza de praias ou outras iniciativas de coidado do medio.
- Fomentar o uso compartido de recursos, como o préstamo de contos e materiais da escola ás familias.

- Impulsar iniciativas de reutilización, como o intercambio de teas e pezas de roupa entre as familias.
- Promover o coidado da horta escolar e veciñal, favorecendo a observación do crecemento das plantas e o respecto pola natureza.
- Observar e comprender os fenómenos naturais (choiva, vento, nubes, arco da vella, etc.) para achegar aos nenos e nenas á natureza.
- Recoñecer problemas ambientais reais e fomentar actitudes de coidado e protección do planeta.

4. Metodoloxía

A nosa metodoloxía parte da acción, experimentación e o xogo, sendo os nenos e nenas os protagonistas da súa propia aprendizaxe. Por iso, temos en conta as características, ritmo, necesidades e intereses de todo o alumnado.

Partimos da aprendizaxe significativa por iso levamos a cabo un enfoque globalizador, tendo en conta aspectos fundamentais como a autonomía, a creatividade, a individualización ou a educación emocional. O xogo e o motor da aprendizaxe, levámolo a cabo a través da observación, o descubrimento e a manipulación de todos a materiais o que favorece o desenvolvemento multisensorial para chegar ao dominio de todos os contidos vinculados ao noso Proxecto de Natureza. Utilizamos a Carolina e Xan, dúas marionetas, que se converten nos nosos personaxes como elementos motivadores que introducen mediante a sorpresa, o xogo e as cancións as diferentes actividades que veremos a continuación.



5. Actividades

Actividade: Paseiño, paseiño “Os tesouros do outono”

Coa chegada do Outono saímos ao redor da Escoliña a descubrir os tesouros, alí observamos as árbores. Algunhas estaban sen follas, as demais, estaban tiradas polo chan, eran de diferentes cores, marróns, amarelas... por último, decidimos que podíamos recollelas para poder xogar con elas na aula, tamén atopamos ourizos con castañas, paus e ata un caracol... esta historia verémola mais adiante...



Actividade: Explorando o outono

Con todo o recollido no paseiño, puxémonos a descubrir, experimentar e observar as cores do Outono coa roda de Waldorf/Montessori, asociábamos as cores das follas coas da roda, despois levamos todo a mesa de luz onde puidemos ver as súas formas, tamaños e texturas.



Actividade: Instalación do outono

Con elementos naturais (madeira, piñas, paus) e as follas que encontramos no paseo do Outono fixemos unha instalación con forma de caracol, onde a observación, manipulación e a creatividade puxeron a traballar a nosa imaxinación.

**Actividade: O noso caracol Terri****1ª Sesión:**

Cando atopamos o caracol decidimos adoptalo durante un tempo, primeiro escollimos un nome para él... chamámoslle ¡TERRI!, despois fixemoslle unha casiña para que estivese cómodo. Escollimos un terrario con pedras, terra da horta brincadeira e unha cunca con agua para que se dera uns baños.



2ª Sesión:

Coa chegada de Terri fixemos unha rutina diaria xa que hai que coidalo moito, cambiarlle a auga, darlle leituga... observámolo coas lupas e a luz, e todos os días cantámoslle a canción “Eu teño un amigo” botámoslle pingas de auga para que esperte e bote os seus corniños.



¡QUE EMOCIONANTE VER AO NOSO AMIGO CARACOL, COIDÁMOLO MOITO!

3ª Sesión:

Un día pola mañá, observando a Terri dímonos conta que entre a terra había unhas boliñas pequenas brancas...non sabíamos o que era... Pronto descubrimos que eran os ovos que había posto Terri, día a día os ovos foron crecendo e pronto apareceron uns caracois ben pequerrechos.



¡QUE EMOCIÓN, A FAMILIA CRECE!**Actividade: Miraceos**

Outra das rutinas que temos na aula é o miraceos, nel establecemos a estación na que nos encontramos: ¿Qué pasa nesa estación? Que roupa temos que levar... a partir de ahí observamos o día que fai fora, se fai frío, calor, se está chovendo, nubrado ou se saíu o arco da vella. Para iso contamos cuns pictogramas, os nenos e nenas teñen que seleccionar o adecuado para o tempo de ese día.

**Actividade: Samaín**

Coa chegada do Samaín pedímoslles as familias a súa colaboración para encher a nosa entrada de elementos propios de esta festa, cabazas, pinas, ourizos... Todo o que trouxeron foi con materiais reciclados, vaia imaxinación... a nosa entrada parecía un bosque de medo Outono!



Actividade: Obradoiro de masas

Encantanos manipular e experimentar cos elementos naturais, por iso, un día decidimos facer un obradoiro de masas e utilizamos as ramas das árbores, cubos de madeira, as mondas das mandarinas, anacos de cenorias... Gracias a nosa imaxinación coa a masa e todos os elementos, fixemos bolas, churros ... foi moi divertido!

**Actividade: As árbores do Nadal e a súa plantación**

Coa chegada do Nadal fixemos unha plantación de abetos na escola. Primeiro cantamos entre todos a canción do reloxo e fixemos unha xuntanza cos abeto para festexar esta festa. Despois os plantamos na horta Brincadeira, así cada vez que vamos a horta podemos coidalos e observar cómo crecen.



¡¡CADA DÍA ESTÁN MAIS GRANDES!!**Actividade: Reciclaxe**

A reciclaxe é moi importante para a nosa escoliña xa que sabemos a importancia que ten para coidar o noso planeta. Por iso na escola, fixemos un panel dos diferentes contenedores para seleccionar o lixo. Aprendimos que cada un ten unha cor diferente para cada material. Ademais de traballalo na aula, neste panel podían participar as familias traendo materiais de refugallo da casa e botandoo no contenedor correspondente. Cada material ten unha canción que cantábamos para concienciarnos sobre a importancia da reciclaxe. ¡Aprendemos xogando!

**Actividade: A caixa dos sons “Os son da Natureza”**

Para o noso proxecto “Os sons da Natureza” creamos unha caixa na que incorporamos diferentes sons da natureza que podemos escoitar no noso planeta: auga, vento, insectos, paxaros e outros. Para introducir este proxecto contamos coa axuda de tres amigos: Don Silencio, Algarabía e Melodía, eles ensínannos a importancia dos sons que nos rodean acompañado da canción “A voz do son”.



Actividade: O Arte e a Natureza de Luis Seoane


Luis Seoane está moi presente na nosa Escoliña, por iso quixemos darlle importancia a súa obra. Escollimos as ilustracións que representan elementos da natureza como o sol, o mar, os paxaros, os animais mariños, os bichiños e as árbores. Cada neno e nena tiña adxudicado unha ilustración na súa gaveta. Con todo isto fixemos un panel na entrada onde os nenos e nenas coa axuda das familias tiñan que poñer os elementos que corresponderan en cada ilustración.



Ademais, na aula fixemos un xogo para identificar os animais de Luis Seoane con imaxes reais.

**Actividade: Chegou a primavera, plantación de plantas aromáticas**

Coa chegada da primavera, fixemos unha plantación de plantas aromáticas na nosa horta Brincadeira: manipulamos con instrumentos de prantación, hulimos as flores, regamos as prantas, observamos e gozamos coa actividade, enchendo de cor os nosos bancais.



Actividade: “A Romaría dos paxaros”

Nun dos nosos paseos polos arredores da Escoliña, fomos identificando as árbores e poñendo os diferentes debuxos dos paxaros, asociando así o nome do paxaro coa súa árbore e o seu son, todo iso cunha camiseta de paxariño que fixeron as familias con teas recicladas para festexar o Entroido.

**Actividade: “Os Niños”**

Despois da nosa experiencia durante o paseo, quixemos facer os nosos propios niños. Para iso utilizamos os nosos trapiños, fixemos niños con eles, manipulamos, creamos e imaxinamos como un trozo de tea se transformaba no noso niño, todo iso acompañado do conto “Niños”.



Actividade: Os bichiños

Xogando na horta e durante as plantacións vimos que na terra viven moitos tipos de bichiños. Algúns debaixo da terra como as formigas, os vermes... outros enriba das prantas e raíces como os caracois os saltóns ou as arañas, e outros ata voan como as xoaniñas ou as bolboretas... Por iso imaxinamos as raíces das árbores e clasificamos os distintos tipos de insectos: voadores, os que viven debaixo e enriba da terra.



Actividade: A Eiruga Larpeira

Unha vez vistos todos os bichiños, centrámonos no ciclo da vida da Bolboreta. Para iso partimos do conto “A eiruga glotona”, a partir de ahí, Sari a profesora de fala inglesa trouxonos á aula unas eirugas que tiña no xardín da súa casa, día a día puidemos ver a súa evolución: eiruga- crisálida- bolboreta.



Actividade: Explorando coa auga!

Para conmemorar o día Mundial da Auga, fixemos diferentes actividades. Coñecimos a súa importancia e a súa utilidade na nosa vida: regar as prantas, beber, bañarnos... tamén descubrimos onde a podemos atopar: no mar, no río, na billa... e para iso contamos coa axuda de Dona Clara, Clarita e pinga, personaxes que nos ensinan a importancia da auga. Utilizamos as regadeiras para regar as prantas e manipulamos e xogamos coa auga: con esponxas e fixemos trasvasamento da auga con diferentes obxectos.



¡MOLLÁMONOS MOITO COA AUGA

PERO FOI MOI DIVERTIDO!

Esta memoria do proxecto O sons da Natureza recolle as actividades dende
o mes de outubro ao mes de abril de 2026

O noso agradecemento ao equipo voz natura da fundación polo seu apoio e axuda en facer posible as
iniciativas medioambientales dende este barrio da nosa cidade.

Atentamente

Equipo escola infantil municipal Monte Alto

